

Convenio colectivo para a empresa Hispanomoción, S.A., nos seus centros de traballo en Ourense (Anos 2003-2004)¹

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio colectivo afectará todos os traballadores da empresa, nos seus centros de traballo de Río Camba nº 6 e rúa Seixalbo nº 20, ambos os dous en Ourense, calquera que sexa a súa condición nesta, excepto o xerente e o xefe de administración, que por seren cargos de confianza, acordarán as súas condicións laborais e económicas co consello de administración.

Artigo 2º.-Vixencia, duración e denuncia.

Este convenio colectivo entrará en vigor a partir do día primeiro de xaneiro de 2003, para todos os efectos.

A duración deste será de dous anos contado a partir do día 1 de xaneiro de 2003 e finalizando o día 31 de decembro de 2004.

O convenio quedará denunciado automaticamente ao remate da súa vixencia. Ata que se negocie outro convenio que substitúa ao presente, manteranse vixentes todos os artigos do actual.

Artigo 3º.-Xornada laboral.

A xornada laboral será de corenta horas semanais de traballo efectivo, de acordo coa vixente lei.

O horario de traballo será:

Mañá: de 8.30 a 13.30.

Tarde: de 15.30 a 18.30.

O persoal de vendas rexerese polo horario que teña establecido o comercio.

A empresa poderá establecer coas persoas de nova contratación, o horario de traballo máis adecuado ás características do traballo que se vai desenvolver, co respecto á xornada semanal pactada.

En cómputo anual e global acórdase unha xornada anual de 1.792 horas efectivas do traballo.

Con anterioridade ao día 1 de xaneiro de cada ano natural, exporase o calendario laboral no que se recollerán os días laborables, non laborables e festivos.

Serán aboables e non recuperables os días 24 e 31 de decembro que se declaran festivos neste convenio.

Artigo 4º.-Vacacións.

As vacacións serán de trinta días ao ano para todos aqueles produtores que leven un ano na empresa. Para os que non teñan a mencionada antigüidade, desfrutarán da parte proporcional que lles corresponda, segundo o artigo 38 do Estatuto dos traballadores.

As vacacións desfrutaranse preferentemente nos meses de verán, (xullo e agosto) para o cal dividirase o cadro de persoal en dúas quendas, de maneira que poidan ser atendidas todas as seccións de traballo; non obstante, se algún traballador preferise desfrutalas noutra época do ano, poderá facelo avisando con quince días de antelación á data de publicación da lista de vacacións no taboleiro de anuncios da empresa.

A lista de vacacións confeccionarase e exporase no taboleiro de anuncios da empresa, antes do día 30 de maio.

¹ Publicado no DOG núm. 68, do 7 de abril de 2004.

Acórdase conceder 2 días máis a quen desfruten estas no primeiro e cuarto trimestre, e un día máis para os que as desfruten no segundo trimestre. Todos os traballadores da empresa terán dereito a coñecer o período das súas vacacións cunha antelación de polo menos dous meses da data de inicio.

A empresa reserva para si o dereito de poder negociar individualmente o desfrute das vacacións en dous ou máis períodos.

En caso de que o traballador se encontre nalgunha situación de IT antes de empezar o desfrute das vacacións, estas posponranse, fixándose un novo período de desfrute.

Artigo 5º.-Licenzas retribuídas.

O persoal da empresa terá dereito a licenzas retribuídas, coa duración que a continuación se relaciona:

En caso de falecemento do cónxuxe, pais, fillos, irmáns consanguíneos ou políticos: 4 días.

En caso de enfermidade grave e hospitalización dous pais, fillos, irmáns consanguíneos ou políticos e cónxuxe: 3 días.

En caso de nacemento dun fillo: 4 días, e se fose necesario unha intervención cirúrxica: 1 día máis.

En caso de matrimonio de fillos ou irmáns consanguíneos ou políticos: 1 día, e se a voda é nunha cidade distinta á que vive: 3 días.

En caso de matrimonio do empregado: 15 días.

Por traslado de domicilio do empregado: 1 día máis.

Artigo 6º.-Permisos non retribuídos.

Todo aquel produtor cunha antigüidade de polo menos dous anos terá dereito a un permiso de ata 15 días ao ano que non serán retribuíbles, sendo condición indispensable para ter dereito a iso, o solicitalo cunha semana de antelación á data do permiso.

Artigo 7º.-Excedencias.

O traballador cunha antigüidade de polo menos un ano terá dereito a que se lle recoñeza a situación de excedencia voluntaria, por un período de dous anos como mínimo e cinco como máximo.

Cando o traballador se encontre na citada situación, será condición indispensable para reincorporarse ao seu posto, comunicarllo el á empresa por escrito, cun mes de antelación á data de terminación da excedencia.

A empresa estará obrigada a conceder o ingreso na mesma categoría, exista ou non vacante, de maneira inmediata.

O traballador terá un prazo de quince días contados desde a data de terminación da excedencia, para volver a incorporarse ao traballo. A dita incorporación farase con todos os dereitos de antigüidade, categoría, posto de traballo e demais que tiña no momento de causar a excedencia voluntaria.

O salario será o mesmo que tería en caso de que estivese traballando durante todo o tempo de excedencia. O dito período de excedencia voluntaria non se computará para efectos de antigüidade.

Artigo 8º.-Permiso de estudos.

No referente aos mencionados permisos, haberá que atermos ao disposto no artigo 37 do Estatuto dos traballadores.

Artigo 9.-Acción sindical.

Os traballadores terán dereito a poder realizar asembleas no seo da empresa, fóra das horas de traballo, sendo condición necesaria o comunicalo á dirección con 24 horas de antelación á data da súa celebración.

A empresa autorizará que ás ditas asembleas asistan representantes das centrais sindicais, ás que estivesen afiliados os traballadores.

En canto ás competencias e funcións dos delegados de empresa, haberá que aterse ao disposto no Estatuto dos traballadores.

Artigo 10º.-Roupa de traballo.

A empresa entregará a cada traballador das seccións de mecánica, chapa e pintura dúas fundas ao ano, nos meses de xuño e decembro.

O persoal de recambios, xefes e mestres de taller e recepcionistas dúas batas ao ano nas mesmas datas.

Artigo 11º.-Axuda escolar.

A empresa aboará a cada traballador a cantidade de (3,65 euros) mensuais por cada fillo que teña en idade escolar -de 4 a 18 anos- durante os meses que dure o curso académico, podendo exixir a empresa o certificado de encontrarse matriculado no correspondente curso.

Artigo 12º.-Protección á familia.

A empresa aboará aos seus traballadores no mes que contraian matrimonio, a cantidade de 68,57 euros.

Aqueles traballadores que tivesen un fillo deficiente mental ou incapacitado permanentemente para o traballo percibirán a cantidade de 50,21 euros mensuais por cada fillo que teña nesa situación.

Polo nacemento de cada fillo, a empresa aboará a cantidade de 68,57 euros.

Artigo 13º.-Complemento de transporte.

Durante a vixencia deste convenio, a empresa aboará a cada traballador por cada mes de presenza efectiva no traballo en concepto de complemento de transporte a cantidade de 69,80 euros para o ano 2003, e de 77 euros para o ano 2004.

Para efectos da percepción deste complemento, considéranse como días de presenza efectiva no traballo, as licencias retribuídas, os accidentes de traballo e a asistencia a cursos convocados pola empresa.

A empresa reserva para si o dereito a descontar desta cifra, as faltas de asistencia que non sexan polos conceptos anteriormente citados.

Artigo 14º.-Aumentos periódicos por antigüidade.

O persoal afectado por este convenio percibirá aumentos periódicos por anos de servizo, incluído o período de aprendizaxe, consistentes no aboamento de trienios na contía do 5 por cento do salario convenio correspondente á categoría en que está clasificado.

Este dereito consérvase como dereito persoal de todos os traballadores que estean en cadro de persoal no día da sinatura do convenio de 1999. Por tanto as novas contratacións non devengarán dereito de antigüidade.

Artigo 15º.-Complemento de prestacións de IT.

Cando por motivos de enfermidade ou accidente, o persoal pase á situación de incapacidade laboral transitoria, a empresa completará as prestacións obrigatorias ata o importe íntegro das súas retribucións e iso durante o tempo que permaneza na dita situación, sendo sempre de aplicación o

artigo 131 da Lei xeral da Seguridade Social, reformada por Real decreto lei do 21-7-1992 ou normas que a substitúan.

Artigo 16º.-Gratificacións periódicas fixas.

Todos os traballadores da empresa teñen dereito a percibir as seguintes pagas extraordinarias:

No mes de marzo: 1 paga.

No mes de xuño (día 15): 1 paga.

No mes de decembro: 1 paga.

As ditas pagas serán equivalentes a unha mensualidade integrada polos seguintes conceptos:

Salario, antigüidade e mellora voluntaria.

Artigo 17º.-Axuda por xubilación.

Ao producirse a xubilación ata os 65 anos dun traballador da empresa, incluso se esta é voluntaria, recibirá desta o importe de trece mensualidades, iguais cada unha delas á última que o traballador perciba, menos os incentivos.

Se ao cumprir os 65 anos non lle correspondese ao traballador como pensión o 100% da base reguladora estipulada, percibirá esta axuda no momento da súa xubilación, aínda que esta se producise con máis de 65 anos de idade.

Artigo 18º.-Axuda por defunción.

En caso de falecemento dun traballador, a empresa queda obrigada a satisfacer aos seus habentes dereito o importe de doce mensualidades, iguais cada unha delas á última que o traballador percibise, menos os incentivos.

Artigo 19º.-Axudas de custo.

Todos os traballadores que por necesidades da empresa e por orde desta, teñan que efectuar desprazamentos ou viaxes a zonas distintas a que radique o centro de traballo, percibirán as seguintes cantidades:

Axudas de custo	Dentro da provincia	Fóra da provincia
Almorzo	2,04 euros	2,04 euros
Comida	17,07 euros	17,07 euros
Cea	17,07 euros	17,07 euros
Pernocta		8,87 euros

Cando o horario de traballo pase das 22 horas considerárase axuda de custos completa.

Nos casos que o traballador teña que pernoctar fóra do seu domicilio, a empresa pagará o importe do cuarto debendo o produtor xustificar o seu importe, mediante a correspondente factura estendida polo hotel.

No caso de desprazamentos prolongados por necesidades da empresa, como asistencia a cursiños de formación, fóra da provincia, establécese unha compensación de 8,49 euros por cada pernocta.

Artigo 20º.-Fondo social.

A empresa concederá anualmente a fondo perdido, a cantidade de 638,97 euros destinadas a atender os casos de carácter social relativos aos produtores desta.

Co fin de administrar eses fondos, pódese crear unha comisión e no seu defecto farao o comité de empresa, pero sendo presidida polo director ou apoderado. O sobrante de cada ano acumularase ás cantidades de anos sucesivos

Artigo 21º.-Caixa de anticipos.

Créase un fondo de anticipos de 11.410,48 euros destinadas a atender as necesidades dos traballadores da empresa. Cada traballador poderá solicitar con cargo a este fondo ata un máximo de catro mensualidades do seu salario fixo. A dirección da empresa e os delegados de persoal concederán ou rexeitarán estes anticipos, que deberán ser solicitados por escrito e debidamente xustificados, sobre a base das necesidades urxentes e reais dos traballadores.

Os préstamos non serán gravados por xuros de ningún tipo, e serán reintegrados mes a mes, nun tempo máximo de 12 meses, e que poderá excepcionalmente ser prorrogado a 6 meses máis.

Non pode concederse un anticipo sen cancelar totalmente outro anterior.

Artigo 22º.-Traballadores con capacidade diminuída.

Cando un traballador quedase diminuído das súas facultades físicas a consecuencia de enfermidade ou accidente, a empresa queda obrigada a buscarlle un posto nela, de acordo coas súas posibilidades, respectándose o salario que tivese no momento de pasar á dita situación, e conservando o dereito aos aumentos que afectan a categoría que tivese no momento de producirse o feito determinante da diminución da súa capacidade.

Para o persoal de vendas, dadas as especiais características do seu salario, computaranse todos os ingresos percibidos nos últimos doce meses e dividiranse por doce sendo a cantidade resultante o salario mensual.

Artigo 23º.-Seguro de vida.

A empresa establece un seguro colectivo de vida a favor do seu persoal ata que o traballador cause baixa na compañía por calquera motivo.

O capital asegurado será de 27.045,54 euros para os traballadores con postos de responsabilidade na empresa (xefes de departamento) e de 18.030,36 euros para o resto do persoal.

Este seguro garante os riscos alternativos seguintes:

-Morte natural ou incapacidade permanente derivadas de enfermidade: aboamento do capital asegurado.

-Morte o incapacidade permanente derivadas de accidente: aboamento do capital asegurado máis un capital complementario de 27.045,54 euros.

Os traballadores contratados a tempo parcial cunha xornada inferior ao 80% da xornada fixada neste convenio reducirán os capitais asegurados en proporción á xornada contratada.

No suposto de incapacidade permanente total, a cobertura farase efectiva no momento de causar baixa no cadro de persoal da empresa e do recoñecemento legal de tal situación.

Artigo 24º.-Ascensos.

Cando se produza unha vacante en calquera das categorías que nese momento existan, as ditas vacantes serán cubertas por un traballador da empresa, da categoría inmediatamente inferior, logo de informe de cada xefe de departamento. Para este fin créase unha comisión constituída a partes iguais pola empresa e a representación social, para determinar os merecementos de cada traballador.

Os auxiliares administrativos que leven máis de cinco anos na súa respectiva categoría deberán ser ascendidos a oficiais administrativos, se existen tales vacantes; de non ser así asignaráselles o soldo correspondente á dita categoría.

Artigo 25°.-Cláusula de non absorción.

Convense expresamente a non absorción da cantidade que perciban os traballadores actualmente en concepto de mellora voluntaria.

Artigo 26°.-Táboas salariais.

As táboas salariais que rexerán durante a vixencia deste convenio serán para cada categoría laboral as que se acompañan no anexo adxunto.

Artigo 27°.-Salario convenio.

Para o ano 2003, o salario convenio das distintas categorías que figuran nas táboas salariais do anexo adxunto, foi incrementado nun 3% sobre o salario do ano anterior. Para o ano 2004 acórdase un incremento salarial equivalente ao IPC previsto por o Goberno para o dito ano máis un 0,5%.

Aumentaranse así mesmo todos os demais conceptos económicos nas mesmas porcentaxes, salvo para o complemento de transporte, cuxa contía para os anos 2003 e 2004 será a establecida no artigo correspondente.

Artigo 28°.-Cursos de capacitación.

O tempo empregado polo persoal de taller en cursos de capacitación, recomendados pola empresa será considerado para efectos de incentivos como tempo real traballado, aplicándose a este a media de produtividade conseguida o resto do mes.

Artigo 29°.-Horas extraordinarias.

As horas que excedan do cómputo anual determinado no artigo 3° deste convenio terán a consideración de extraordinarias, pagándose conforme o valor actual.

Artigo 30°.-Sistema de incentivos.

Establecerase un sistema de incentivos que a empresa dará a coñecer á representación social, reservándose o dereito a súa modificación cando as condicións do mercado o aconsellen, e sempre segundo o estipulado nos artigos 64 e 41 do Real decreto lexislativo do 24 de marzo de 1995, que publica o Estatuto dos traballadores.

En vacacións aboaranse os incentivos como se estivese traballando. Para determinar o importe a cobrar do persoal de servizo, calcularase a media dos tres meses anteriores.

Quedando exentos desta cláusula o persoal do departamento de vehículos novos e de ocasión.

Artigo 31°.-Cesamento por matrimonio.

O persoal que presta servizos na empresa e con motivo de contraer matrimonio cesa nese momento nela, terá dereito a un dote equivalente ao importe de tantas mensualidades de soldo convenio máis antigüidade, como anos de servizo teña na empresa, sen que o dito importe poida exceder de oito mensualidades.

Artigo 32°.-Xubilación.

Acórdase a xubilación obrigatoria sempre que se cumplan os seguintes requisitos e compensacións:

A) Que o traballador teña 65 anos.

B) Se ao cumprir os 65 anos non lle correspondese como pensión o 100% da base reguladora estipulada, poderá continuar traballando o tempo necesario ata alcanzar esa porcentaxe.

Artigo 33°.-Peugeot rápido.

Créase un novo servizo na empresa denominado Peugeot Rápido. Os dous postos de traballo necesarios para prestar este servizo terán o seguinte horario:

1. De 8.30 a 14.30 e de 16.30 a 18.30 horas.
2. De 8.30 a 12.30 e de 14.30 a 18.30 horas.

Artigo 34°.-Contratación.

De acordo co artigo 15.1º b) do Estatuto dos traballadores, as partes acordan a aplicación da vixencia máxima para os contratos eventuais, que se pacte no convenio do sector do comercio do metal da provincia de Ourense.

Para os efectos do contrato de relevo, a categorías profesionais reflectidas nas táboas salariais agrúpanse nos seguintes grupos profesionais:

* Grupo profesional de persoal ocupacional:

- Dependente maior de almacén.
- Axudante de dependente de almacén.
- Mestre de taller.
- Oficial 1ª xefe de equipo.
- Oficial 2ª.
- Oficial 3ª.

* Grupo profesional de persoal de estrutura:

- Director xerente.
- Xefe administrativo.
- Xefe de vendas.
- Xefe de recambios.
- Xefe de servizo.
- Xefe de sección.
- Delegados de vendas.
- Caixeiro.
- Oficial administrativo.
- Auxiliar revisión administrativo.

Artigo 35°.-Revisión salarial.

No caso que o IPC rexistrase a 31 de decembro do primeiro ano de vixencia do convenio colectivo un incremento respecto ao 31 de decembro do ano anterior, superior ao incremento pactado, procederáse ao aboamento da diferenza con efectos a partir do mes en que o IPC superase o citado incremento pactado.

Para o segundo ano de vixencia aplicarase igualmente o establecido no parágrafo anterior, se o IPC rexistrado a 31 de decembro do segundo ano de vixencia supuxese un incremento respecto ao 31 de decembro do ano anterior, superior ao incremento salarial pactado para o segundo ano de vixencia do convenio colectivo.

Artigo 36°.-Cláusula derradeira.

Para todo o non previsto neste convenio haberá que atermos ao disposto no Estatuto dos traballadores e demais lexislación complementaria sobre esta materia.

Artigo 37°.-Comisión paritaria.

Para estes efectos queda constituída a comisión paritaria, formada polos delegados de persoal e igual número de representación empresarial.

Artigo 38°.-Empresa de traballo temporal.

A empresa cando contrate traballadores por medio dunha empresa de traballo temporal, garantiralles aos traballadores postos á súa disposición, as melloras económicas recollidas no convenio

-Por parte da representación social:

María do Carmen Feijoo Merino.

Eladio Prada Novoa.

-Por parte da empresa:

Javier Barón Molero.

Antonio Dávila Núñez.

Darío do Pozo Vega.

Táboas salariais

Ano 2003

Categorías	Salario
Director	868,63 euros
Xefe administrativo	795,03 euros
Xefe de vendas	732,78 euros
Xefe de servizo	732,78 euros
Xefe de recambios	722,10 euros
Xefe de sección	695,92 euros
Mestre de taller	679,53 euros
Oficial de 1ª xefe de equipo	668,04 euros
Oficial de 1ª taller	647,60 euros

Oficial de 2ª taller	637,01 euros
Oficial de 3ª taller	625,83 euros
Oficial administrativo	668,96 euros
Caixeiro	668,96 euros
Auxiliar administrativo	625,83 euros
Delegado de vendas	647,60 euros
Dependente maior de almacén	647,60 euros
Axudante dependente almacén	625,83 euros